

ADDENDA Ó CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E PARA A CESIÓN DO EDIFICIO MUNICIPAL DA RÚA CHAO PARA SÉ INSTITUCIONAL

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- En data 9 de decembro de 2019, ambalas dúas partes asinaron o *"convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a cesión do edificio municipal da rúa Chao para sé institucional"*, cuio obxeto é establecer e concretar o réxime de colaboración entre Concello-Deputación para autorizar a través dunha concesión administrativa o dereito de uso e desfrute como sé institucional da Deputación de Pontevedra do edificio de propiedade municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao, e conseguinte resolución do dereito de uso da Deputación de Pontevedra sobre o inmovible propiedade tamén do Concello de Vigo sito na rúa Oporto núm. 3 "Anexo ao antigo Reitorado".



O pacto Terceiro do convenio establece as condicións da concesión administrativa do dereito de uso do edificio municipal sito no número 18 da rúa Alta esquina coa rúa Chao a favor da Deputación de Pontevedra, sinalando na condición primeira (prazo de concesión e prórroga) o seguinte: “ (...) o prazo da concesión do inmovible será de dez anos a partires da sinatura do presente convenio (...)”

II.- A Xunta de Goberno Local do concello de Vigo e a Presidencia da Deputación de Pontevedra, a través de sendos acordos de datas 6 de marzo de 2020 e 5 de maio de 2020 respectivamente, acordaron modificar a condición primeira (prazo da concesión e prórroga) do pacto terceiro do Convenio asinado o 9/12/2019 entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a cesión do edificio municipal da Rúa Chao para sé institucional, no senso de establecer que o prazo da concesión do inmovible será de dez anos a partires da data de formalización da mesma en documento administrativo, mantendo o resto das condicións invariables.

ACORDAN

Único.- Modificar a Condición Primeira (prazo da concesión e prórroga) do Pacto Terceiro do “convenio entre o concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a cesión do edificio municipal da rúa Chao para sé institucional”, asinado en data 9 de decembro de 2019, establecendo a seguinte redacción:

“Primeira.- prazo da concesión e prórroga

O prazo da concesión do inmovible da rúa Alta-Chao será de dez anos a partires da data de formalización en documento administrativo, podendo ser prorrogado por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de dous prórrogas previa solicitude da Deputación cunha antelación de tres meses antes da finalización de cada prazo, e con acordo expreso do Concello de Vigo.”

E para que así conste e produza os seus efectos, as partes que interviñen asínan dixitalmente a presente addenda, na data sinalada na mesma.

D^a. M.^a del Carmen Silva Rego (Presidenta da Deputacion Provincial de Pontevedra)

D. Abel Caballero Alvarez (Alcalde – Presidente do Concello de Vigo)

D. Carlos Cuadrado Romay (Secretario xeral da Deputación de Pontevedra)

D^a María Concepción Campos Acuña (Secretaria do Concello de Vigo)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/06/2020 09:38

Páxina 2 de 2

Expediente 20340/240

CSV: 2BEHE3-56D1EF-23E7D5-LFC6RS-XKYTAV-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>